

SE CHE PICA UN MOSQUITO

Texto de JORDI GASTÓ

Ilustracións de CHRISTIAN INARAJA

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Libro de cartón a todo color. 17,5 x 22 cm. 22 páx. 12€.

Se che pica un mosquito (galego)

ISBN 978-84-1343-002-7. Acartonados. Prelectores.

Si te pica un mosquito (castelán)

ISBN 978-84-1343-003-4. Acartonados. Prelectores.

Si et pica un mosquit (català)

ISBN 978-84-16804-87-0. Cartró. Pre-lectors.

Eitxo batek ziztatzten badizu (éuscaro)

ISBN 978-84-9172-169-7. Kartoizko orriak.

Se che pica un mosquito

e non te queres rascar,

eu coñezo un remedio

que che pode axudar.

Á pata coxa

tres pinchos has dar,


logo berra alto

sen mirar atrás...

«Se che pica un mosquito» é un divertimento que, a partir dun pequeno percance cotiá, invita os prelectores e os primeiros lectores a probar un atípico remedio para as molestias dunha picadura. Saltar, facer acenos, xogar e compartir bos momentos en agradable compañía son algunhas das *contrastadas* recomendacións de Jordi Gastó e Christian Inaraja.

Non hai ungüento, nin fórmula máis eficaz que este texto rimado que invoca a fantasía e a imaxinación, a amizade e a interacción con outras persoas, romper a rutina e experimentar novas sensacións.

A *posoloxía* complétase cunhas simpáticas ilustracións de trazos sinxelos, circulares e rectilíneos. Esas estruturas básicas e deliberadamente imperfectas aderézanse con cores planos e alegres, potenciando a expresividade do relato.



■ **Temática:** diversión, xogo.

■ **Idade recomendada:** pre-lectores e primeiros lectores.

■ **Aspectos destacables:** libro de cartón; texto rimado; imaxinación, fantasía; amizade, compartir; momentos da vida cotiá; insectos; do ilustrador de «[Cándido e os demais](#)» (XI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, KALANDRAKA) e «[Oi, Eloi!](#)».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/se-che-pica-un-mosquito-g>

Jordi Gastó

(Barcelona, 1976)

Estudou Historia da Arte e Restauración, completando a súa formación nos ámbitos do teatro, do cinema e da poesía. É escritor, guionista e director escénico, con obras de autoría propia estreadas en España e mais en Francia. Dedicase profesionalmente á música clásica, faceta que compaxina coa literatura, ademais de colaborar en varias revistas especializadas en literatura infantil.

Christian Inaraja

(Vic, 1972)

Dedicase á ilustración editorial -con máis de cen obras publicadas-, ao cartelismo e colabora en varios medios dirixidos a público infantil e xuvenil. Participou en exposicións en España e noutros países. É codirector do Festival Europeo de Curtametraxes de Reus, coordina a área de ilustración na Escola de Arte ILLA de Sabadell e formou parte da directiva da Associació Professional d'Il·lustradors de Catalunya e do Consell Català del Llibre Infantil i Juvenil. Recibiu o XI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado por «[Cándido e os demais](#)».

<http://www.inaraja.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com